

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2024.**

Ás 10.00 horas do día 28 de xuño de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño (comparece na sesión mediante o uso de medios electrónicos e emite o seu voto segundo o previsto no artigo 8 do Regulamento orgánico provincial)

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do BNG don Bernardo Varela López, que escusou a súa ausencia.

A deputada do Grupo Socialista, dona Marina Vaz Quintillán, incorporouse cando se trataba o punto cuarto da orde do día.

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto décimo primeiro da orde do día e non regresou.

O deputado de DO, don Antonio Fernández Martín, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto décimo sexto da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE MAIO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 31 de maio de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 31 de maio de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2024.-

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de xullo (xa que o 26 de xullo, venres, cadra cunha ponte, dado que o día 25, xoves, é festivo en Galicia), que se realizará o día 24 de xullo de 2024, mércores, ás 10.00 horas.

As comisións informativas non se ven afectadas, e terán lugar o día 17 (mércores) do mes de xullo de 2024.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023.

A Sra. interventora da Deputación expón o contido da proposta.

A continuación prodúcense as intervencións recollidas integramente no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (6) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das contas xerais correspondentes ao exercicio 2023, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2023, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 18.920.915,41 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 74.057.588,07 €
- Balance de situación: 2.205.796.793,30 €
- Resultado económico patrimonial: - 75.017.435,59 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2023, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 550.557,08 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.529.351,02 €
- Balance de situación: 15.298.724,34 €
- Resultado económico patrimonial: - 662.217,96 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2023, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 21.453,56 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.433.819,01 €
- Balance de situación: 6.843.941,27 €
- Resultado económico patrimonial: - 598.976,29 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras** do exercicio 2023, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 265.235,12 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 179.997,36 €
- Balance de situación: 784.970,96 €
- Resultado económico patrimonial: 491.160,62 €

2º.- Proceder á rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 3/2024 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN

PROVINCIAL E DO ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DUN CRÉDITO ORZAMENTARIO.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7), do BNG (2) e de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 3/2024 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial, mediante suplemento de crédito por importe de 50.000 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, co seguinte detalle:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario	Obxecto	Importe
34111/48099	Club deportivo náutico Castrelo de Miño	Gastos inherentes á xestión, explotación, montaxe, desmontaxe, almacenamento, mantemento e conservación do pantalán de Castrelo de Miño	50.000,00 €

2º.- Acordar a non dispoñibilidade do crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 34111/22608 por importe de 50.000 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe non dispoñible
34111/22608	Fomento do deporte. Actividades deportivas	50.000,00 €

3º.- Acordar a modificación do anexo IV das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2024:

3º.1.- En relación coas subvencións nominativas de capital destinadas ao financiamento de investimentos en xeriátricos a favor de diversos concellos da provincia, cuxa dotación orzamentaria inicial é de 500.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 31200/76299, a

cal foi suplementada con 500.000,00 € máis, desagreganse deseguido os beneficiarios das ditas subvencións:

SUBVENCIONS DE CAPITAL NOMINATIVAS A CONCELLOS				Compromisos de achega DPOU	
Beneficiario	Achega DPOU	Achega Xunta	Obxecto	Anualidade 2024 (41%)	Anualidade 2025 (59%)
Concello da Gudiña	414.986,63 €	469.727,78 €	Construción fogar residencial	170.144,52 €	244.842,11 €
Concello da Teixeira	500.000,00 €	1.200.000,00 €	Construción residencia da 3ª idade	205.000,00 €	295.000,00 €
Concello de Laza	252.000,00 €	1.200.000,00 €	Construción dunha Residencia de Maiores	103.320,00 €	148.680,00 €
Concello de Piñor	582.000,00 €	1.200.000,00 €	Financiamento obra construción residencia de maiores e coordinación e dirección de obra	238.620,00 €	343.380,00 €
Concello de Trasmiras	250.000,00 €	1.200.000,00 €	Cofinanciamento residencia da 3ª idade	102.500,00 €	147.500,00 €
Concello de Xunqueira de Ambía	79.789,00 €	1.200.000,00 €	Construción residencia de maiores	32.713,49 €	47.075,51 €
Concello dos Blancos	322.946,16 €	1.200.000,00 €	Obras da Residencia da 3ª idade	132.407,93 €	190.538,23 €
Total	2.401.721,79 €	7.669.727,78 €	Total	984.705,93 €	1.417.015,86 €

3º.2.- En relación coas anualidades imputables ao exercicio 2025, adquirese por esta entidade o compromiso do seu financiamento, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento correspondente ao dito exercicio.

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA ARNOIA PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “CAMPO DE FÚTBOL NA ARNOIA”

O debate dos puntos 5º, 6º, 7º, 8º, 9º e 10º tivo lugar conxuntamente tras o acordo de todos os grupos políticos na Xunta de Portavoces.

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido dos ditames favorables da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural dos puntos 5º, 6º, 7º, 8º, 9º e 10º.

A continuación prodúcense as intervencións recollidas integramente nos puntos 5º, 6º, 7º, 8º, 9º e 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 5º, 6º, 7º, 8º, 9º e 10º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de DO (3), e a abstención do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Arnoia para o financiamento e execución das obras de “campo de fútbol na Arnoia”, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto e vixencia.

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as liñas e condicións da colaboración interadministrativa entre as partes asinantes para a contratación, cofinanciamento e execución das obras de Campo de fútbol en Arnoia.

SEGUNDA. Obrigas do Concello da Arnoia

Serán obrigas do Concello da Arnoia as seguintes:

- Asumir todos os gastos inherentes e contratar á redacción de proxecto, dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución das obras descritas.
- Contratar a execución das obras consonte á normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.
- Cofinanciar a execución das obras nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Destinar as obras á finalidade para a que foron executadas, por un prazo mínimo de dez anos.
- Xustificar a subvención provincial nos termos previstos na cláusula sexta do presente convenio e na normativa de aplicación.

TERCEIRA. Obrigas da Deputación de Ourense.

Serán obrigas da Deputación de Ourense, as seguintes:

- Cofinanciar a execución da obra nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA. Financiamento.

O importe total da achega prevista no convenio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica:

OBXECTO	COFINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COFINANCIAMENTO CONCELLO	IMPORTE TOTAL
Campo de fútbol na Arnoia	417.793,50 €	46.421,50 €	464.215,00 €

QUINTA.- Xustificación da subvención.

A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento total previsto na cláusula cuarta, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais

deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

SEXTA.- Control e seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión:

- a) O seguimento da execución do convenio
- b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.
- c) A resolución de discrepancias entre as partes
- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirse previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contradictorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei*

9/2007 se subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a tramitación do convenio e cantos trámites sexan necesarios para a execución deste.

6º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE AMOEIRO PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DA PENAFITA".

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de DO (3), e a abstención do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Amoeiro para o financiamento e execución das obras de "instalación de céspede artificial no campo de fútbol da Penafita", consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto e vixencia.

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as liñas e condicións da colaboración interadministrativa entre as partes asinantes para a contratación, cofinanciamento e execución das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol da Penafita

SEGUNDA. Obrigas do concello de Amoeiro

Serán obrigas do concello de Amoeiro as seguintes:

- Asumir todos os gastos inherentes e contratar á redacción de proxecto, dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución das obras descritas.
- Contratar a execución das obras consonte á normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.

- Cofinanciar a execución das obras nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Destinar as obras á finalidade para a que foron executadas, por un prazo mínimo de dez anos.
- Xustificar a subvención provincial nos termos previstos na cláusula sexta do presente convenio e na normativa de aplicación.

TERCEIRA. Obrigas da Deputación de Ourense.

Serán obrigas da Deputación de Ourense, as seguintes:

- Cofinanciar a execución da obra nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA. Financiamento.

O importe total da achega prevista no convenio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica:

OBXECTO	COFINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COFINANCIAMENTO CONCELLO	IMPORTE TOTAL
Instalación de céspede artificial no campo de fútbol da Penafita	427.002,56 €	47.444,73 €	474.447,29 €

QUINTA.- Xustificación da subvención.

A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento total previsto na cláusula cuarta, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

SEXTA.- Control e seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión:

- a) O seguimento da execución do convenio
- b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.
- c) A resolución de discrepancias entre as partes
- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contraditorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei 9/2007* se subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a tramitación do convenio e cantos trámites sexan necesarios para a execución deste.

7º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE CARTELLE PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "CAMPO DE FÚTBOL DE CARTELLE".

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de DO (3), e a abstención do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Cartelle para o financiamento e execución das obras de "campo de fútbol de Cartelle", consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto e vixencia.

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as liñas e condicións da colaboración interadministrativa entre as partes asinantes para a contratación, cofinanciamento e execución das obras de Campo de Fútbol de Cartelle

SEGUNDA. Obrigas do concello de Cartelle

Serán obrigas do concello de Cartelle as seguintes:

- Asumir todos os gastos inherentes e contratar á redacción de proxecto, dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución das obras descritas.
- Contratar a execución das obras consonte á normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.
- Cofinanciar a execución das obras nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Destinar as obras á finalidade para a que foron executadas, por un prazo mínimo de dez anos.

- Xustificar a subvención provincial nos termos previstos na cláusula sexta do presente convenio e na normativa de aplicación.

TERCEIRA. Obrigas da Deputación de Ourense.

Serán obrigas da Deputación de Ourense, as seguintes:

- Cofinanciar a execución da obra nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA. Financiamento.

O importe total da achega prevista no convenio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica:

OBXECTO	COFINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COFINANCIAMENTO CONCELLO	IMPORTE TOTAL
Campo de fútbol de Cartelle	345.951,00 €	38.439,00 €	384.390,00 €

QUINTA.- Xustificación da subvención.

A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento total previsto na cláusula cuarta, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

SEXTA.- Control e seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión:

- a) O seguimento da execución do convenio
- b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.
- c) A resolución de discrepancias entre as partes
- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contradictorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do

convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei 9/2007* se subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a tramitación do convenio e cantos trámites sexan necesarios para a execución deste.

8º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE LOBIOS PARA O FINANCIAMENTO E

EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE LOBIOS”

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de DO (3), e a abstención do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Lobios para o financiamento e execución das obras de “instalación de céspede artificial no campo de fútbol de Lobios”, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto e vixencia.

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as liñas e condicións da colaboración interadministrativa entre as partes asinantes para a contratación, cofinanciamento e execución das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol de Lobios

SEGUNDA. Obrigas do concello de Lobios

Serán obrigas do concello de Lobios as seguintes:

- Asumir todos os gastos inherentes e contratar á redacción de proxecto, dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución das obras descritas.
- Contratar a execución das obras consonte á normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.
- Cofinanciar a execución das obras nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Destinar as obras á finalidade para a que foron executadas, por un prazo mínimo de dez anos.
- Xustificar a subvención provincial nos termos previstos na cláusula sexta do presente convenio e na normativa de aplicación.

TERCEIRA. Obrigas da Deputación de Ourense.

Serán obrigas da Deputación de Ourense, as seguintes:

- Cofinanciar a execución da obra nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA. Financiamento.

O importe total da achega prevista no convenio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica:

OBXECTO	COFINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COFINANCIAMENTO CONCELLO	IMPORTE TOTAL
instalación de céspede artificial no campo de fútbol de Lobios	358.202,34 €	39.800,26 €	398.002,60 €

QUINTA.- Xustificación da subvención.

A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento total previsto na cláusula cuarta, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

SEXTA.- Control e seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión:

- a) O seguimento da execución do convenio
- b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.
- c) A resolución de discrepancias entre as partes
- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contradictorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do

convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei 9/2007* de subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir del.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense para a tramitación do convenio e cantos trámites sexa necesarios para a súa execución.

9º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA POBRA DE TRIVES PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL O AGRO"

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de DO (3), e a abstención do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Pobra de Trives para o financiamento e execución das obras de "reforma do campo de fútbol O Agro", consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto e vixencia.

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as liñas e condicións da colaboración interadministrativa entre as partes asinantes para a contratación, cofinanciamento e execución das obras de reforma de campo de fútbol O Agro.

SEGUNDA. Obrigas do concello da Pobra de Trives

Serán obrigas do concello da Pobra de Trives as seguintes:

- Asumir todos os gastos inherentes e contratar á redacción de proxecto, dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución das obras descritas.
- Contratar a execución das obras consonte á normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.
- Cofinanciar a execución das obras nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Destinar as obras á finalidade para a que foron executadas, por un prazo mínimo de dez anos.
- Xustificar a subvención provincial nos termos previstos na cláusula sexta do presente convenio e na normativa de aplicación.

TERCEIRA. Obrigas da Deputación de Ourense.

Serán obrigas da Deputación de Ourense, as seguintes:

- Cofinanciar a execución da obra nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA. Financiamento.

O importe total da achega prevista no convenio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica:

OBXECTO	COFINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COFINANCIAMENTO CONCELLO	IMPORTE TOTAL
Reforma de campo de fútbol O Agro	450.000,00 €	50.000,00 €	500.000,00 €

QUINTA.- Xustificación da subvención.

A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento total previsto na cláusula cuarta, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións

subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

SEXTA.- Control e seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

Non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión:

- a) O seguimento da execución do convenio
- b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.
- c) A resolución de discrepancias entre as partes
- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contraditorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei 9/2007* se subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a tramitación do convenio e cantos trámites sexan necesarios para a execución deste.

10º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE TOÉN PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "NOVO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE HERBA ARTIFICIAL".

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de DO (3), e a abstención do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Toén para o financiamento e execución das obras de "novo campo de fútbol municipal de herba artificial", consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto e vixencia.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as liñas e condicións da colaboración interadministrativa entre as partes asinantes para a contratación, cofinanciamento e execución das obras de novo campo de fútbol municipal de herba artificial

SEGUNDA. Obrigas do concello de Toén

Serán obrigas do concello de Toén as seguintes:

- Asumir todos os gastos inherentes e contratar á redacción de proxecto, dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución das obras descritas.
- Contratar a execución das obras consonte á normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.
- Cofinanciar a execución das obras nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.
- Destinar as obras á finalidade para a que foron executadas, por un prazo mínimo de dez anos.
- Xustificar a subvención provincial nos termos previstos na cláusula sexta do presente convenio e na normativa de aplicación.

TERCEIRA. Obrigas da Deputación de Ourense.

Serán obrigas da Deputación de Ourense, as seguintes:

- Cofinanciar a execución da obra nos termos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA. Financiamento.

O importe total da achega prevista no convenio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica:

OBXECTO	COFINANCIAMENTO	COFINANCIAMENTO	IMPORTE
---------	-----------------	-----------------	---------

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
Novo campo de fútbol municipal de herba artificial	450.000,00 €	50.000,00 €	500.000,00 €

QUINTA.- Xustificación da subvención.

A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento total previsto na cláusula cuarta, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

SEXTA.- Control e seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión:

a) O seguimento da execución do convenio

b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.

c) A resolución de discrepancias entre as partes

d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contraditorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

a) O acordo unánime dos asinantes.

b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei 9/2007* se subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a tramitación do convenio e cantos trámites sexan necesarios para a execución deste.

11º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO PARA O EXERCICIO 2024.

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (7) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2024, co seguinte teor literal:

I. Bases xerais

A) Obxecto e alcance do programa:

Constitúe o obxecto do presente Programa provincial de asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos en materia de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023, denominado Programa BenOurense Persoal Técnico, o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este programa refírese á:

1. Acción 1ª: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social .
2. Acción 2ª: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, por importe de 299.511,00 € (douscentos noventa e nove mil cincocentos once euros).

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O modelo normalizado porase a disposición das entidades locais e nel recolléase a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas á entidade local para a mesma finalidade.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se

axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión, ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 80 % do importe máximo total de subvención previsto: antes do 30 de setembro de 2024, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total da subvención prevista. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final, conforme co previsto nestas bases.

Para o libramento do anticipo da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra

e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.3) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

E) Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

F) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2024 e 2025. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa realización anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

G) Obrigas das entidades locais adheridas:

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.
- b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á acción 1: equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de persoal que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

Con carácter transitorio, e co fin de non menoscabar a execución orzamentaria das entidades locais inclúense, nos mesmos termos que para as UTES, aquelas entidades locais que nos últimos cinco anos recibiran por este Programa unha subvención para o persoal técnico de servizos sociais por ter unha UTES, e que no presente exercicio, por razóns de poboación, pasen a ter unha UTS (Unidades de traballo social). Dito periodo transitorio será como máximo de tres anos co fin de confirmar a caída poboacional.

A través do presente programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais. Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2024. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de 6 meses no exercicio 2024 e en xornada igual ou superior ás 20 horas semanais. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

- a) Entidades locais de áreas rurais de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de 10.000 e ata 15.000 habitantes: 1 técnico/a equivalente a un grupo A, subgrupo A2 - diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.
 - b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes: 1 técnico/a igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidad, e un técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.
- Os datos de poboación tidos en conta son os últimos datos oficiais definitivos publicados polo INE.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento, modificados por Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG número 140 do 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.
- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do programa.

No caso das entidades locais, que tendo recoñecida unha asignación económica para o nomeamento/contratación de persoal técnico, non se adhiran ao Programa ou non soliciten a asignación económica para un do/s perfís técnicos subvencionados, este remanente económico repartirase entre o resto das entidades locais beneficiarias, incrementando de xeito lineal os módulos económicos previstos inicialmente.

II.3. Xustificación e pagamento:

a) Ata o 30 de novembro de 2024 (inclusive), as entidades locais beneficiarias terán que presentar a documentación xustificativa da subvención concedida, asinada dixitalmente e segundo os formularios normalizados que lle indique a Área de Benestar da Deputación, órgano que levará a cabo as comprobacións das xustificacións. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

A xustificación do programa incluírá os gastos efectuados ata o 31 de outubro de 2024, os gastos correspondentes ao meses de novembro e decembro do 2024 poderán xustificarse presentando un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

Para a xustificación final da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a contratación/nomeamento do persoal técnico subvencionado durante o exercicio 2024, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria descritiva dos servizos sociais prestados polo persoal técnico.
2. Certificación dos gastos efectuados, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2024, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2024, presentarán un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Mostrs gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base xeral G).

A recepción da documentación xustificativa equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 20 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en

xornada laboral tal como se recolle na base II.1, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2024, obxecto desta convocatoria.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Para cada libramento da subvención (tanto na fase de anticipo como de xustificación final), as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

II.4. Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense ou por calquera outra administración pública para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

III. Bases relativas á acción 2: asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados/as públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

Anexo I

Entidade local prestadora SSCM	Unidade técnica	Área	Grupo A subg. A2	Módulo económico	Grupo A subg. A1	Módulo económico	Total entidade
Allariz	UTES	Rural 28	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barbadás	UTES	Semiurb. 9	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	Rural 31	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €

Carballiño, O	UNIS	Rural 25	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Mancomunidade de Verín	UTES	Rural 30	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Carballiño	UTES	Rural 25	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	UTS	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Santa Águeda	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Terras de Celanova	UNIS	Rural 27	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Ribadavia	UTS	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Verín	UNIS	Rural 30	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Xinzo de Limia	UTES	Rural 29	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

Anexo II

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

D./D.^a....., NIF....., en nome
propio, ou en representación da entidade
....., NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado

de acreditación destas circunstancias ao amparo do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, declara responsablemente ante a Deputación Provincial de Ourense, e para efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao seu cobro,

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedinte da subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidese producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, ____ de ____ de ____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

12º.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA QUE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PRESTE, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, O SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL NOS MUNICIPIOS QUE SE ADHIRAN

D.^a José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente convenio regular as condicións para que a Deputación Provincial de Ourense preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios da provincia, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

Na súa virtude, a Deputación Provincial asumirá o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo nos municipios que se adhiran ao convenio marco, implicando a dita adhesión a delegación do exercicio das ditas competencias nos termos detallados na cláusula 2ª.

Segunda.- Delegación de competencias relativas ao servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.

1. En virtude da adhesión ao presente convenio, os concellos delegan na Deputación Provincial o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación, xestión e

prestación do servizo de recollida de residuos competencia local, incluídas as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme coa lexislación vixente, lles correspondan aos concellos.

Os concellos adheridos ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran (BOP núm. 3, de 4 de xaneiro de 2013, en adiante Convenio Marco de delegación) e que houbesen delegado as competencias para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos para prestar o servizo quedan automaticamente adheridos ao presente convenio sen necesidade de realizar ningún trámite, agás que manifesten o contrario (recóllese a relación no Anexo I).

A forma de adherirse a este convenio por parte dos concellos adheridos ao Convenio Marco de delegación e que non houbesen delegado as competencias para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos para prestar o servizo será a establecida na Cláusula Décima.

2. En todo caso, a delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) Ordenar o servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente Ordenanza reguladora.
- b) Establecer, impor e ordenar as taxas provinciais pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais e no artigo 26.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- c) Elixir a forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) Planificar o servizo, establecendo, para tal efecto, as rutas e calendarios de recollida, a localización de colectores e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificar e programar os investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.
- e) Exercer a potestade sancionadora, incluíndo a inspección e comprobación de que se cumpre a normativa vixente en materia de residuos de competencia local, así como emitir ordes de execución, cando legalmente proceda.

- f) Asumir, fronte terceiros, os dereitos e obrigas que corresponderían ao concello adherido en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo.

Para estes efectos, a Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos nos termos previstos na vixente lexislación de residuos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo con empresa autorizada para realizar a recepción e tratamento dos residuos da fracción resto, así como os convenios que procedan coa Comunidade Autónoma de Galicia, cos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP's) e as empresas de reciclaxe coas que sexa procedente entregar os residuos obxecto da recollida selectiva.

- g) Dirixir ao persoal adscrito ao servizo, fronte ao que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente, nos supostos en que o servizo delegado se xestione de modo directo pola propia Deputación Provincial.
- h) Organizar os traballos de recollida, realizar campañas de información entre a poboación, resolver as reclamacións e, en xeral, adoptar cantos actos e disposicións cumbran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- i) Contratar a xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- k) Contratar as prestacións accesorias ao servizo, así como contratar as obras, subministracións ou servizos necesarios para a súa xestión.
- l) Resolver os recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas, e exercer cantas accións administrativas ou xudiciais procedan en relación co servizo delegado.

3. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de recollida de residuos de competencia municipal comprende recoller, transportar e entregar a un xestor autorizado – de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia - a totalidade dos residuos que de acordo coa lexislación vixente teñen a consideración de residuos municipais e sexan de competencia local. Nesta definición, enténdense comprendidas a recollida selectiva de papel – cartón, vidro e envases lixeiros, biorresiduos, téxtiles, así como calquera outro servizo de recollida de residuos que, durante a vixencia do presente convenio, poida atribuírselle pola lexislación vixente á competencia municipal.

Considérase incluída, igualmente, no ámbito da delegación a construción, ordenación e xestión de puntos limpos, áreas ou illas de aporte e composteiros comunitarios.

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio dos concellos delegantes ata a extinción do convenio para cada concello adherido.

Terceira.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para prestar o servizo de recollida de residuos de competencia local.

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ao servizo de recollida de residuos de competencia local non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha axeitada participación dos concellos adheridos na toma das decisións fundamentais relativas ao servizo, así como un adecuado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial, sen prexuízo de procurar a maior axilidade e eficacia no desenvolvemento da xestión delegada.

2. O exercicio por parte da Deputación da competencia delegada para elixir a forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local, no seu caso, para aprobar os pregos de cláusulas económico – administrativas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación da súa xestión indirecta, requirirá o previo informe favorable da Comisión Xeral de Seguimento (e, no seu caso, das comisións territoriais), adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos concellos representados.

3. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá informe previo favorable da Comisión Xeral de Seguimento (e, no seu caso, das comisións territoriais) adoptado co voto favorable da maioría simple nos seguintes supostos:

- a) Aprobar a Ordenanza reguladora do servizo ou das súas modificacións.
- b) Planificar e programar os investimentos que procedan para ampliar, desenvolver ou mellorar o servizo, cando a súa contía exceda do 20% do custo económico anual do servizo reflectido no último informe anual, ou cando, sen acadar esta porcentaxe, o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das prestacións patrimoniais públicas do servizo ou mediante achegas dos concellos titulares de servizo.

- c) Establecer as condicións para adxudicar os contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou para subscribir convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
 - d) Formalizar convenios con outras administracións públicas.
 - e) Subscribir acordos, pactos ou convenios cos traballadores adscritos ao servizo e transferidos dende os concellos á Deputación Provincial ao abeiro do presente convenio.
4. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á Comisión Xeral de Seguimento, cunha periodicidade mínima anual.
5. A Comisión Xeral de Seguimento poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.
6. Os concellos adheridos poderán obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial. Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á Comisión Xeral de Seguimento sobre a marcha do servizo.

Cuarta.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.

1. O persoal laboral municipal transferido á Deputación Provincial polos concellos en virtude de convenios de cooperación anteriores que tivesen por obxecto a xestión delegada do servizo de recollida de residuos de competencia municipal continuará dependendo da Deputación Provincial durante a vixencia do convenio, nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, sen prexuízo da posibilidade da subrogación na súa posición xurídica de empregador por parte da entidade que no futuro poida xestionar directa ou indirectamente o servizo.
2. Os concellos que deleguen na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local por primeira vez mediante a súa adhesión a este convenio marco transferirán o seu persoal laboral que estivese adscrito de xeito exclusivo ao servizo municipal de recollida de residuos e

xestión de puntos limpos á Deputación Provincial, en virtude de sucesión de empresa e nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores.

3. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá á súa administración de orixe, entendendo por tal ó concello de procedencia. Os concellos contraen expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ao dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndoselle ademais ao dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial ou entidade que a suceda conforme co establecido no apartado seguinte. Esta regra será de aplicación incluso no suposto no que a relación xurídica laboral do persoal transferido fora obxecto de subrogación por parte dunha entidade pública ou privada en virtude de xestión directa por entidade diferente á Deputación ou xestión indirecta do servizo.

A mesma regra será de aplicación nos supostos en que o cadro de persoal adscrito ao servizo no momento da extinción do convenio marco se modifícase con respecto ao existente no momento da adhesión, tanto no relativo á identidade persoal como ao número de traballadores transferidos. Nestes supostos, o persoal que será obxecto de sucesión por parte dos concellos determinarase en proporción á achega económica ao servizo delegado que lle correspondese ao concello afectado e tendo en conta o criterio da maior proximidade xeográfica ao dito concello do centro de traballo do traballador ou traballadores.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, e en tanto non se produza a extinción dos convenios colectivos de orixe aplicables ao persoal transferido, a Deputación Provincial ou entidade que a suceda poderá negociar e subscribir acordos cos traballadores transferidos ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación destes acordos, o informe previo da Comisión Xeral de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos seránlles de aplicación aos traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ao concello de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

Sen prexuízo do anterior, tanto os convenios colectivos de orixe como, no seu caso, os acordos acadados baixo a súa vixencia coa Deputación Provincial, manteranse ata a súa data

de expiración ou ata a entrada en vigor dun novo convenio colectivo que resulte de aplicación a estes traballadores.

5. Quedarán adscritos ao servizo intermunicipal delegado xestionado pola Deputación Provincial tódolos medios materiais que ata a data estaban adheridos ás distintas unidades de xestión creadas en virtude de convenios anteriores relativos á xestión delegada do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Igualmente, quedarán adscritos a este servizo intermunicipal os medios materiais de titularidade municipal que ata ese momento estivesen destinados de forma exclusiva ao servizo de recollida de residuos de competencia municipal no termo municipal dos concellos que deleguen na Deputación a ordenación e xestión do servizo por vez primeira mediante a súa adhesión a este convenio marco.

A Deputación Provincial poderá proceder ao cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado en cada concello.

Quinta.- Réxime económico do servizo delegado.

O réxime económico do servizo se regulará mediante a correspondente ordenanza fiscal ou de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, no seu caso, que cumpra o establecido no artigo 11 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. No suposto de financiar o servizo por taxas, estas terán o carácter de provinciais.

Sexta.- Comisión de Seguimento.

1. As funcións de seguimento, control, informe e interpretación do presente convenio corresponderán a un sistema de comisións paritarias, integrado por unha Comisión Xeral de Seguimento e unha comisión de seguimento para cada unidade territorial das definidas no Anexo III.

A comisión de seguimento de cada unidade territorial estará integrada polos seguintes membros:

a) En representación da Deputación Provincial:

- A presidencia ou deputado/a no/na que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.

- O/a secretario/a xeral, o/a interventor/a, o/a tesoureiro/a, o/a director de Área de Medio Ambiente, o/a xefe/a do Servizo de Augas e Medio Ambiente, o/a xefe/a do Servizo de RR.HH., ou funcionarios/as que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b) En representación de cada concello:

- O/a alcalde ou alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, que poderá participar coa asistencia de persoal técnico que considere conveniente, contando este persoal con voz pero sen voto.

A Comisión Xeral de Seguimento estará integrada polos representantes da Deputación Provincial sinalados no anterior apartado a) e ademais un representante de cada grupo político existente na Deputación, con voz pero sen voto, e por un representante de cada unha das unidades territoriais, elixido por maioría absoluta en primeira votación e maioría simple en segunda votación no seo da comisión de seguimento de cada unidade.

A estes efectos, para a elección do representante de cada comisión de seguimento na Comisión Xeral só se terán en conta os votos dos representantes municipais, carecendo de voto a Deputación para adoptar ditos acordos de elección.

Os representantes das comisións de seguimento na Comisión Xeral perderán a súa condición cando perdan a de membros da comisión pola que foron elixidos, por renuncia ou cando sexan destituídos por acordo expreso da dita comisión, adoptado por maioría absoluta. Neste último suposto, a comisión deberá elixir un novo representante na mesma sesión na que se acorde a destitución.

2. As funcións de secretaría das comisións de seguimento e da Comisión Xeral corresponderanlle a un funcionario/a da Área de asesoría xurídica e asistencia a municipios.

3. As comisións de seguimento de cada unidade terán carácter paritario, correspondéndolle un voto a cada concello e, á Deputación Provincial, un número de votos equivalente á suma do número dos votos municipais.

A Comisión Xeral terá igualmente carácter paritario, correspondendo a cada concello un número de votos equivalente ó número de concellos integrantes da unidade territorial á que representa e, á Deputación Provincial, un número de votos equivalente á suma do número dos votos municipais.

Os representantes municipais na Comisión Xeral poderán emitir os distintos votos de que dispoñan en sentido diferente, sempre que fagan constar en cada caso o sentido diferenciado do voto de cada concello integrado na unidade territorial á que representan.

4. Son funcións das comisións as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- c) Emiti-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.
- d) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- e) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- f) Informar as solicitudes de adhesión ao convenio.

O exercicio destas funcións corresponderá de xeito ordinario e permanente á

Comisión Xeral de Seguimento. Non obstante o anterior, o secretario da Comisión Xeral dará traslado aos alcaldes/alcaldesas de tódolos concellos adheridos do contido dos acordos adoptados en cada sesión. Os alcaldes e as alcaldesas disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partir da recepción da notificación, para solicitar da Presidencia a convocatoria da comisión de seguimento da unidade territorial da que formen parte, co fin de tratar novamente o asunto ou asuntos que estimen convenientes. Os acordos da Comisión Xeral non terán efectos ata que transcorra o indicado prazo de dez días ou ata que se adopte o acordo que proceda na comisión de seguimento da unidade territorial, que, se é o caso, prevalecerá para os concellos integrantes da unidade respecto do acordado pola Comisión Xeral.

Sen prexuízo do anterior, e, excepcionalmente, cando existan graves razóns de interese público que o fagan necesario, a Comisión Xeral poderá declara-la inmediata executividade dos seus acordos, que se manterá ata tanto non adopte un acordo diferente a comisión de seguimento dunha unidade territorial.

A Comisión Xeral será competente para modifica-las unidades territoriais establecidas no Anexo III do presente convenio. Non obstante, os acordos que adopte a Comisión Xeral nesta materia quedan sometidos ó réxime de suspensión e revisión polas comisións de seguimento das unidades territoriais previstos nesta cláusula para o resto dos seus acordos, coa particularidade de que as comisións de seguimento das unidades territoriais unicamente

poderán rexeitar e deixar sen efecto o acordo da Comisión Xeral, pero non modificalo nin substituílo por outro diferente.

Será competencia exclusiva da comisión de cada unidade territorial a elección e destitución dos seus representantes na Comisión Xeral.

5. As comisións de seguimento adoptarán os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

6. No non previsto no presente convenio, o funcionamento das comisións de seguimento rexerase polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétima.- Réxime xurídico.

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Causas de resolución do convenio.

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por baixa voluntaria de calquera dos concellos adheridos, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución de baixa se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- c) Por incumprir as obrigas convencionais esenciais. Para aplicar esta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da presidencia da Comisión Xeral a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.
- d) Por non delegar na Deputación Provincial de Ourense a competencia municipal para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos por prestar o servizo.

2. Unha vez resolto ou extinguido o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello afectado, e na que se incluírán os danos e

perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Novena.- Duración do convenio

O presente convenio, que regula os elementos fundamentais da delegación de competencias entre Administracións Locais, terá vixencia indefinida.

Décima.- Procedemento de adhesión ó convenio

Os concellos da provincia de Ourense poderán adherirse ao presente convenio marco mediante acordo do pleno respectivo no que se aprobe a dita adhesión, coa aceptación expresa da totalidade das súas cláusulas.

No suposto de concellos que xa estivesen adheridos ao anterior convenio marco de delegación e non houbesen delegado as súas competencias para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos por prestar o servizo poderán adherirse ao presente convenio marco mediante acordo do pleno respectivo no que se manifeste a súa vontade de delegar a dita competencia en materia fiscal.

A eficacia do acordo de adhesión rexerase polas seguintes regras:

a) No suposto de concellos que xa estivesen adheridos ao anterior convenio marco de delegación e non houbesen delegado as súas competencias para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos por prestar o servizo deberán comunicar a súa decisión a Deputación Provincial de Ourense no prazo de tres meses dende a publicación no BOP.

Pasado este tempo, sen comunicar o acordo plenario, o Convenio Marco de Delegación entrará en fase de resolución.

A eficacia de esta delegación será á data de 1 de xaneiro de 2025.

b) No suposto de concellos que deleguen por vez primeira na Deputación o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos de competencia local, a comunicación de adhesión terá plenos efectos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte. Non obstante o anterior, e no suposto en que non fose posible realizar os trámites precisos para o traspaso á Deputación dos medios humanos e materiais correspondentes ou non se puidese organizar axeitadamente o servizo delegado para a súa efectiva prestación a partir

desa data, a Presidencia poderá adia-la data de eficacia da adhesión, na medida en que sexa necesario.

A eficacia da adhesión requirirá o previo informe favorable da Comisión Xeral. Nestes casos, a Comisión Xeral poderá establecer unha cota extraordinaria de adhesión para os novos concellos adheridos, en concepto de compensación pola amortización técnica dos medios materiais do servizo adquiridos durante a vixencia do convenio e con anterioridade á adhesión dos novos concellos.

Décimo primeira.- Unidades territoriais para a elección da Comisión Xeral de Seguimento

1. As unidades territoriais se corresponden coas comarcas da provincia de Ourense aprobadas polo Decreto 65/1997, de 20 de febreiro polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia. Soamente se constituirán unidades territoriais cando se adhiran ao convenio dous o máis concellos de cada comarca.

No anexo III, se recollen as unidades territoriais e os seus integrantes a data de publicación deste convenio.

2. No suposto de concellos que deleguen por vez primeira na Deputación o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos de competencia local, a Deputación Provincial establecerá a unidade territorial na que lle corresponderá integrarse, dispoñendo a súa integración na unidade correspondente á comarca da que forme parte ou, no seu defecto, na unidade comarcal máis próxima xeograficamente.

3. Os representantes das unidades territoriais na Comisión Xeral son os recollidos no Anexo IV.

4. A Comisión Xeral poderá, en calquera momento, modificalas unidades territoriais establecidas na presente cláusula.

ANEXO I CONCELLOS ADHERIDOS DE FORMA AUTOMÁTICA AO CONVENIO.

Os concellos que están adheridos ao presente convenio, agás manifestación en contrario, son:

- | | | |
|----------------------------------|-----------------------------------|------------------------------------|
| ☐ Amoeiro | ☐ Irixo, O | ☐ Riós |
| ☐ Avión | ☐ Larouco | ☐ Rúa,A |
| ☐ Baltar | ☐ Lobeira | ☐ Rubiá |
| ☐ Bande | ☐ Lobios | ☐ San Amaro |

- | | | |
|---|---|---|
| ☐ Beariz | ☐ Manzaneda | ☐ San Cibrao das Viñas |
| ☐ Blancos, Os | ☐ Muíños | ☐ San Cristovo de Cea |
| ☐ Boborás | ☐ Pereiro de Aguiar, O | ☐ San Xoán de Río |
| ☐ Bola, A | ☐ Peroxa, A | ☐ Sandiás |
| ☐ Bolo, O | ☐ Petín | ☐ Sarreaus |
| ☐ Calvos de Randín | ☐ Pobra de Trives, A | ☐ Taboadela |
| ☐ Castrelo de Miño | ☐ Porqueira | ☐ Trasmiras |
| ☐ Entrimo | ☐ Punxín | ☐ Vilamarín |
| ☐ Gudiña, A | ☐ Rairiz de Veiga | ☐ Vilamartín de Valdeorras |

ANEXO II CONCELLOS ADHERIDOS AO CONVENIO SE APORTAN O ACORDO PLENARIO DE DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS FISCAIS NESTA MATERIA.

Os concellos que deberán presentar un acordo plenario de delegación das súas competencias na Deputación Provincial de Ourense para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos para recoller, transportar e tratar os residuos de competencia local e poder seguir adheridos ao convenio son:

- | | |
|---|--|
| ☐ Carballeda de Valdeorras | ☐ Ribadavia |
| ☐ Carballiño, O | ☐ Teixeira, A |
| ☐ Castro Caldelas | ☐ Toén |
| ☐ Chandrexa de Queixa | ☐ Veiga, A |
| ☐ Coles | ☐ Viana do Bolo |
| ☐ Maceda | ☐ Vilar de Barrio |
| ☐ Montederramo | ☐ Vilariño de Conso |
| ☐ Padrenda | ☐ Xinzo de Limia |

ANEXO III UNIDADES TERRITORIAIS

As unidades territoriais serán as seguintes:

- Unidade Territorial da Limia, integrada polos concellos de Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, Porqueira, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Xinzo de Limia, Rairiz de Veiga, e Vilar de Barrio.
- Unidade Territorial da Baixa Limia, integrada polos concellos de Entrimo, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños.

- Unidade Territorial Terra de Caldelas, integrada polos concellos de Montederramo, A Teixeira, Castro Caldelas e Maceda.
- Unidade Territorial Terra de Trives, integrada polos concellos da Pobra de Trives, Manzaneda, San Xoán de Río e Chandrexa de Queixa.
- Unidade Territorial de Valdeorras, integrada polos concellos de Larouco, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá e A Veiga.
- Unidade Territorial de Ourense, integrada polos concellos de O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Amoeiro, Coles, Vilamarín, Toén, Taboadela e San Cibrao das Viñas.
- Unidade Territorial do Ribeiro, integrada polos concellos de Ribadavia, Castrelo de Miño e Avión.
- Unidade Territorial do Carballiño, integrada polos concellos de Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.
- Unidade Territorial de Celanova, integrada polos concellos de A Bola e Padrenda.
- Unidade Territorial de Viana do Bolo integrada polos concellos de A Gudiña, Viana do Bolo, O Bolo, Vilariño de Couso e Riós.

ANEXO IV REPRESENTANTES DAS UNIDADES TERRITORIAIS

Os representantes e suplentes na Comisión das unidades territoriais na data de publicación deste convenio son:

UNIDADES TERRITORIALES	REPRESENTANTE	SUPLENTE
A Limia	Trasmiras	Sarreaus
Baixa Limia	Lobios	
Terras de Caldelas	A Teixeira	
Terra de Trives	Pobra de Trives	Manzaneda
Valdeorras	Carballeda de Valdeorras	A Veiga
Ourense	Vilamarín	Coles
Allariz-Maceda	Maceda	
Ribeiro	Ribadavía	Avión
Carballiño	San Amaro	S. Cristovo de Cea
Celanova	A Bola	Padrenda

Viana do Bolo	A Gudiña	Viana do Bolo
---------------	----------	---------------

Quinto.- Que realizada a votación sobre este punto os asistentes, cos votos favorables dos concellos de Amoeiro, Avión, Baltar, Beariz, Boborás, Calvos de Randín, Castro Caldelas, O Carballiño, Castrelo do Miño, San Cristobo de Cea, Chandrexa de Queixa, Coles, Entrimo, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Muíños, Montederramo, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Ribadavia, Riós, A Rúa de Valdeorras, San Amaro, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Trasmiras, Vilamarín, A Veiga, Viana do Bolo, Xinzo da Limia e San Xoán do Río (38), e a abstención dos concellos de O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Rairiz de Veiga, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, Vilariño de Conso e de Vilar de Barrio (7), acordaron informar favorablemente a modificación do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a deputación provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran.

Sexto.- Que a acta da Comisión foi remitida a tódolos concellos adheridos ao Convenio para que no prazo de dez días naturais contados a partir da recepción da dita notificación, puideran solicitar da Presidencia, no suposto de que non estiveran conforme con todos ou algúns dos acordos alcanzados, a convocatoria da comisión de seguimento da unidade territorial da que formen parte, co fin de tratar novamente o asunto ou asuntos que estimen convenientes (cláusulas 3ª.3, 3ª.5, 6ª.3 e 7ª.4 do Convenio marco).

Sétimo.- Que transcorrido o prazo de dez días naturais, non consta que ningún concello solicitara a convocatoria da comisión de seguimento da unidade territorial, polo que se entende a aquiescencia co contido dos acordos e que estes son executivos de acordo ao disposto no Convenio Marco.

2º.- Este convenio será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense para xeral coñecemento.

13º.- REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN NÚM. 2023/5163 DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE POLA QUE SE AUTORIZA UN

**CRUZAMENTO NO DOMINIO PÚBLICO VIARIO CONTRARIO AO
ORDENAMENTO XURÍDICO.**

O Sr. secretario di que tense que votar a inclusión deste punto na orde do día ao non ser ditaminado en comisión informativa e expón o contido da proposta da Presidencia.

Por unanimidade apróbase a súa inclusión na orde do día.

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (2) e de DO (2), e a abstención do Grupo Socialista (5), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Revisar de oficio, consonte ao ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia (núm. CCG 212/2024), emitido o abeiro do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do Consello Consultivo de Galicia, a Resolución núm. 2023/5163 da Presidencia da Deputación provincial de Ourense pola que se autoriza, mediante un acto expreso estimatorio, un cruzamento no dominio público viario (realización dun cruzamento da calzada con manguera de polietileno para abastecer de auga para rego ao predio situado fronte o predio de referencia catastral 32027A01300473 con afección ao dominio público da estrada provincial OU0503, P.Q.4+650, no termo municipal de Coles), por ser contrario ao ordenamento xurídico.

2º. Dar traslado do presente acordo ao Consello Consultivo de Galicia e aos interesados no procedemento.

**14º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA RECLAMARLLE AO GOBERNO DE
ESPAÑA UN REPARTO EQUITATIVO DOS FONDOS NEXT GENERATION AOS
CONCELLOS.**

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“En xullo de 2020, o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU (Próxima Xeración UE) dotado con 750.000 millóns de euros para o conxunto dos Estados Membros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta europea coordinada cos Estados Membros para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia. Os fondos poden utilizarse para conceder préstamos reembolsables por un volume de ata 360.000 millóns de euros e transferencias non

reembolsables por unha cantidade de 390.000 millóns de euros. Os instrumentos de maior volume do Next Generation EU son, o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), dotado con 672.500 millóns de euros e o Fondo REACT-EU con 47.500 millóns de euros. O plan Next Generation tamén achegará fondos adicionais a outros programas europeos, como o Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo de Transición Xusta (FTJ), dos cales España recibirá 720 e 450 millóns de euros, respectivamente. En total, España recibirá aproximadamente 140.000 millóns de euros, dos que 60.000 millóns corresponden a transferencias non reembolsables. Ademais, poderá acceder a un volume máximo de 80.000 millóns de euros en préstamos. Coa finalidade de adaptar as normas sobre a xestión dos fondos, o Goberno do Estado crea o Decreto Lei 36/2020 do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas para a modernización da administración e para a execución do Plan de Recuperación, de talante claramente centralizado e que casa mal coa co-gobernanza do país. Xa o Parlamento Galego instou á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que rectifique o centralismo e a falta de planificación na xestión dos fondos europeos de recuperación, ao tempo que reclama certezas para poder levar a cabo o financiamento de proxectos estratéxicos para Galicia desde o diálogo e o respecto das competencias propias da nosa comunidade. E no referente aos concellos, chegar a estes fondos é moi complicado, o que fai que máis do 60 % destas entidades locais non leve executado nin o 50 % dos fondos asinados, facendo que unha gran oportunidade se converta nun serio problema.

Estando a conceder fondos cando os concellos non teñen os medios técnicos para poder afrontar as tramitacións dos expedientes, ou mesmo cando a propia plataforma do Goberno non está preparada para recibir as solicitudes. É todo un proceso caótico, no que os que saen prexudicados son as nosas veciñas e veciños. A solicitude destes fondos estase a transformar a miúdo nun colosal quebradizo de cabeza para os concellos que, ao carecer de recursos económicos e de persoal especializado, móstranse impotentes diante da excesiva maquinaria burocrática que impón a Unión Europea para acceder a estas axudas tendo que pedilos a través de consultoras cuns prezos elevadísimos. Moitos fracasan no intento ou vense obrigados a realizar auténticos malabarismos contables e mesmo endebedarse para lograr que a súa aventura europea sexa un éxito. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos. 1.- Instar ao Goberno de España a que

cambie o modelo aplicable no reparto dos fondos Next Generation para que poidan chegar a todos os concellos mediante unha distribución en base a criterios obxectivos. 2.- Contando que se atenda o cambio no modelo de reparto dos fondos con base en criterios obxectivos, instar ao Goberno de España a unha ampliación do prazo de solicitude e xustificación destes, para poder levar a cabo a totalidade dos proxectos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o acordado durante o debate do asunto, e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (2) e de DO (2), e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno de España a que cambie o modelo aplicable no reparto dos fondos Next Generation para que poidan chegar a todos os concellos mediante unha distribución con base en criterios obxectivos, tales como a dispersión e o envellecemento da poboación, facendo unha discriminación positiva destes.

2.- Contando que se atenda o cambio no modelo de reparto dos fondos con base en criterios obxectivos, instar ao Goberno de España a unha ampliación do prazo de solicitude e xustificación destes, para poder levar a cabo a totalidade dos proxectos.

15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE SOLIDARIEDADE COA SITUACIÓN DE DESLEIXO E SUFRIMENTO DO POBO PALESTINO E PARA A PROMOCIÓN, AXUDA E COORDINACIÓN DE INICIATIVAS PARA RECOLLIDA DE AXUDA HUMANITARIA PARA GAZA.

D. Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“No decorrer do pleno da corporación provincial da Deputación de Ourense correspondente ao mes de xuño de 2024, terán pasado exactamente 295 días desde que a organización terrorista Hamas perpetrrou o atentado que desencadeou a resposta militar do Estado hebreo que aínda hoxe non cesa, adopta dramáticas dimensións e deixa tras de si un número inaceptable de mortos e vítimas. Malia certa propaganda, o conflito non se orixina o 7 de outubro de 2023 a partires dunha indiscutida acción terrorista, senón que arranca no 1948 coa propia creación do Estado de Israel, cando milleiros de persoas se ven afectadas polo réxime de ocupación e colonización, sucedéndose innumerábeis batallas, enfrontamentos, atropelos e violacións dos máis básicos dereitos humanos, que se saldan con ducias de

milleiros de vidas e damnificados, na súa meirande parte de orixe palestina. A Franxa de Gaza é, xunto coa Cisjordania, unha das zonas nas que quedou dividido o territorio da Palestina histórica despois da interminable cadea de invasións e usurpacións territoriais operadas por Israel. Gaza conformouse coma unha cárcere a ceo aberto para 2,4 millóns de palestinos, cunhas vidas condicionadas ao praxe e vontade das autoridades israelís. Se ben a situación xa era de por si dramática, a partires da acción do Hamas estamos a asistir á metódica exterminación dos palestinos xa non só como represalia, senón sobre unhas bases políticas, relixiosas e/ou étnicas, que xustifican calquera tipo de salvaxe acción ao seu encontro. Os palestinos son deshumanizados por parte de Israel que está a protagonizar un auténtico intento de limpeza étnica, de xenocidio, protagonizando unha particular Shoah contra o pobo palestino. Unha catástrofe que ten pouco de anódina, por moito que se intente banalizar, normalizar, relativizar e mesmo xustificar por sectores ben identificados. Unha calamidade sen paliativos que se pretende acalar e manipular, atopándose proscritos xornalistas, cooperantes e activistas humanitarios: uns para dar conta da magnitude do que realmente ocorre e chamar a atención da opinión pública internacional e outros para acorrer na medida do posible os habitantes da Banda de Gaza. Claro exemplo desta deriva é o caso da Axencia de Nacións Unidas para a Poboación Refuxiada en Palestina (UNRWA, nas súas siglas en inglés), que Israel inhabilitou tras presentala como próxima e mesmo conivente co Hamas, se ben informes presentados por expertos independentes da ONU concluíron a inexistencia de probas sobre nexos desta con organizacións terroristas. Alén do cruce de informacións entre Israel e Hamas, a Oficina para a Coordinación de Asuntos Humanitarios (OCHA, nas súas siglas en inglés) de Nacións Unidas publica regularmente un balance de perdas humanas e materiais, que arroxa luz sobre o catastrófico da situación. A OCHA da conta de 36.586 mortos e 83.074 feridos palestinos, moitos graves, representando nenos e mulleres un 70% do total, incluíndose milleiros de mutilados; fronte a 1.200 vítimas mortais e 5.432 damnificados israelís, case todos tralo atentado do 7 de outubro; ao que hai que engadir 1,7 millóns de desprazados e a destrución de máis de 70.000 vivendas en Gaza. Israel controla o groso de Gaza, reagrupándose tres cuartas partes da poboación ao sur, nos arredores de Rafah, na fronteira exipcia, sendo obxecto dos ataques do Thasal desde mediados de maio. A desproporción da resposta israelí equivalería a promover unha campaña de exterminio do pobo vasco a causa de todo o mal perpetrado por ETA ou como

erradicar ao pobo irlandés polos atentados do IRA! Á barbarie armada hai que engadir que o drama humanitario porque, segundo a OCHA, nos vindeiros días 1,1 millón de persoas terán chegado ao estado de fame, un 28% dos nenos mortos foron vítimas de mal nutrimiento e deshidratación, e un 41% dos menores de 2 anos adoecen mal nutrición severa. Falta auga potable, manténdose operativa en parte unha das tres canalizacións que proveñen de Israel, cun 83% dos pozos inutilizados e esnaquizados os sistemas de tratamento de residuos. Até 26 hospitais foron abatidos e só unha ducia funcionan parcialmente, sen médicos, equipos nin medicinas. E mesmo a axuda humanitaria debe facer fronte ao bloqueo israelí... Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

PRIMEIRA.- Que os grupos políticos representados na Deputación de Ourense subscriban unha declaración de solidariedade coa situación de desleixo e sufrimento do pobo palestino, instando ao Estado de Israel a poñer fin de xeito inmediato ao asedio e bombardeos indiscriminados sobre poboacións civís, e para que se levante o bloqueo á Franxa de Gaza para o subministro de produtos básicos e a entrada de axuda humanitaria. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a promover, axudar e coordinar iniciativas de recollida de axuda humanitaria entre concellos e organizacións da provincia, poñendo os medios ao seu dispor para a recollida dos aportes, dispoñendo de centros de recollida e almacenamento ou facilitando o transporte para poñer as achegas en mans de instancias e axencias habilitadas para conducir as achegas ata os damnificados palestinos”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o acordado durante o debate do asunto, e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do Grupo Socialista (7), e a abstención do BNG (2) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que os grupos políticos representados na Deputación de Ourense subscriban unha declaración de solidariedade coa situación de desleixo e sufrimento do pobo palestino, instando ao Estado de Israel a poñer fin de xeito inmediato ao asedio e bombardeos indiscriminados sobre poboacións civís, e para que se levante o bloqueo á Franxa de Gaza para o subministro de produtos básicos e a entrada de axuda humanitaria.

SEGUNDO.- Instar á Deputación de Ourense a promover, axudar e coordinar iniciativas de recollida de axuda humanitaria entre concellos e organizacións da provincia, poñendo os

medios ao seu dispor para a recollida dos aportes, dispoñendo de centros de recollida e almacenamento e facilitando o transporte para poñer as achegas en mans de instancias, axencias e organizacións habilitadas –nomeadamente a Cruz Vermella, pero tamén con aquelas outras que operen directamente con Gaza- para conducir as achegas ata os damnificados palestinos.

16º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ATENDER OS EFECTOS DO PECHE PROVISIONAL DA MINA DE PENOUTA E AVALIAR AS OPORTUNIDADES OFRECIDAS POLA ECONOMÍA DOS METAIS RAROS.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de declarar nula a resolución administrativa da Xunta que permitiu a explotación da Mina de Penouta, en Viana do Bolo, principal referente do coltán na UE, nomeadamente no que concirne á extracción de niobio e tantalio, dous dos seus compoñentes. O TSXG acollera un recurso interposto por Ecoloxistas en Acción ao considerar insuficiente o estudo de afectación ambiental, que omitía o seu impacto na Rede Natura 2000. A explotación da mina xa estaba paralizada cautelarmente polo TSXG á espera de emitir a sentenza, asinada o 7 de xuño de 2024. O veredicto reflicte que a promotora, a canadense Strategic Minerals Europe Corp., non levou a cabo -nin a administración autonómica lle esixiu- "unha oportuna e adecuada avaliación sobre o espazo (protexido de) Pena Trevinca, limitándose a indicar que o proxecto non afecta a ningún espazo protexido". Porén, a Zona de Especial Conservación e a Zona de Especial Protección para as Aves que afectan a Pena Trevinca "atópanse a cero metros do enclave mineiro, constatándose que as masas de augas superficiais superan a normativa permitida para arsénico, mercurio, cadmio e chumbo”, subliña a sentenza. O TSXG estima acreditado "o impacto do po resultante de voaduras e movementos (de terras), así como gretas en vivendas e a afectación das augas destinadas para consumo humano, que motivou denuncias da empresa municipal de augas de Viana do Bolo, con actuacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Garda Civil e Comisaría de Augas”. O tribunal, que alude a autos previos emitidos no mesmo senso, afirma que "as emisións e verteduras están a chegar á Rede Natura 2000, tanto por vertedura a leitos fluviais como por emisións atmosféricas". Deste xeito, considérase acreditada "a realidade do po que chega á vexetación e poboación

lindeira da mina e, aínda que digan os demandados que realizaron medicións que conclúen un valor por baixo do límite establecido, estas non foron sistemáticas, ocultando máis do que revelan". A sentenza fala da existencia "de gretas nas vivendas por efecto das voaduras", que chegan a empregar toneladas de explosivos, e a presenza "de metais pesados en doses perigosas (...) que chegan á Rede Natura 2000 polos leitos fluviais contiguos", cun "efecto na poboación situada a 1,5 quilómetros da explotación". En base ao principio de precaución, o TSXG entende que "non convén permitir a actividade ata que non se realicen os estudos que avalíen os niveis de metais". As verteduras procedentes da mina poden estar a causar "unha afección á saúde das poboacións que obteñen a súa subministración de auga potable de tributarios do arroio de Treita das Cortiñas, así como dos pozos ou mananciais que a subministran á poboación de Penouta, contigua á explotación mineira, tratándose (...) de elementos extremadamente tóxicos que causan efectos crónicos pola súa bioacumulación no organismo". O informe de determinación dos niveis de referencia das augas superficiais e subterráneas na contorna da Mina de Penouta, elaborado pola Universidade da Coruña, "constata que os niveis desas substancias en varias masas de augas superficiais próximas á mina superan de forma alarmante os límites legais establecidos nas normas de calidade ambiental". Diante de semellantes incertezas o tribunal conclúe que "non pode autorizarse (a explotación)", xa que "os efectos da actividade mineira no medio ambiente son irreparables". A sentenza do TSXG non é firme e cabe presentar recurso de casación diante do Tribunal Supremo. É un feito a importancia da Mina de Penouta para a economía da comarca de Viana, dependendo directamente da súa actividade un total de 129 familias, así como empresas auxiliares e de servizos, estimando os sindicatos que se crean até tres postos indirectos por cada traballador da explotación. Alén do impacto directo na economía da zona e dos impostos e taxas que a concesionaria está obrigada a pagar, a administración autonómica, que dispón en exclusiva das prerrogativas en materia mineira, nunca tomou en consideración o auténtico alcance pecuniario e o potencial da explotación. A Xunta non albiscou as oportunidades futuras de contar cunha explotación de coltán que aporta recursos de elevado valor engadido, tan cobizados pola industria, apuxada a ser fonte de prosperidade para a provincia de Ourense e Galicia, susceptible de atraer investimentos cualificados, capaces de dinamizar o tecido produtivo, devindo un polo de especialización industrial estratéxico, xerando novas infraestruturas e pulando do desenvolvemento económico e social

até mesmo reverter tendencias de despoboamento e envellecemento. O minerais do coltán que existen na Mina de Penouta son indispensábeis para a tecnoloxía enerxéticas, dixitalización, mobilidade eléctrica, aplicacións industriais avanzadas e mesmo flamantes infraestruturas e construcións, por citar tan só algúns exemplos. “Terras raras” é un concepto que fai alusión a 17 elementos relativamente presentes e abundantes na corteza terrestre, aínda que difíciles de extraer, requirindo da utilización de complexos procedementos no seu tratamento. Na súa consideración de “raras” resulta determinante a vulnerabilidade da súa cadea de aprovisionamento, atopándose a produción concentrada nuns poucos países que adoecen de inestabilidade política, conflitos e eivas de gobernanza, maiormente sitos no continente africano (Gabón, Mozambique, Namibia, Nixeria, República Democrática do Congo, etc.), pero tamén en países como Bolivia, Indonesia ou Kazaxistán. Amais, estes metais considéranse “críticos” en virtude do seu calado xeopolítico para certos países que posúen unha posición dominante, como China ou Estados Unidos, pero tamén Australia e Canadá, que intentan obter vantaxes competitivas, limitando o acceso dos seus principais competidores a recursos imprescindibles para manter sectores industriais e produtivos capitais hoxe en día. Neste senso, cabe poñer de relevo que as terras raras son para China o que o petróleo é para o Medio Oriente, producindo o 60% e transformando o 80% do total dos recursos mundiais, sendo a UE absolutamente dependente de Pequín. Nunha misiva publicada trala pandemia de Covid-19, no mes de decembro de 2020, nun momento en que a UE comezou tomar conciencia da urxencia de avanzar cara a súa “autonomía estratéxica”, Josep Borrell, alto representante da UE para Asuntos Exteriores, facía mención expresa aos metais raros “cuxa produción e transformación está controlada por algúns Estados, precisando Europa diversificar as súas fontes de subministro e ofrecer incentivos ás empresas”. Precisamente para fuxir da dependencia chinesa e acceder a recursos indispensables na transición enerxética, en decembro de 2022, a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, desvelaba a iniciativa “Global Gateway” dotada con 300 mil millóns de euros para investimentos dirixidos á explotación de terras raras en países relativamente fóra do radar dos minerais estratéxicos. Hai xa uns cantos lustros que a importancia dos metais raros está fóra de toda dúbida, asumindo a súa acentuada pegada económica, que deriva da demanda de sectores chave no desenvolvemento actual, cun elevadísimo valor engadido, e “críticos” polas súas determinantes xeopolíticas, con impacto

nas cadeas de aprovisionamento globais. É precisamente dentro deste contexto onde hai que inserir a problemática da Mina de coltán de Penouta, que non se sitúa nun continente distinto e distante, afectado por conflitos ou inestabilidade política, senón que se atopa na nosa provincia de Ourense. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a situarse a carón dos traballadores da Mina de Penouta nestes delicados intres, facilitándolles asesoramento e atención, e avaliando diferentes pistas de axuda ao seu encontro, que poidan ser susceptibles de paliar a difícil situación que están a atravesar a consecuencia da confirmación xudicial da paralización da actividade da explotación. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a que esixa de Augas de Galicia a realización de exhaustivas análises sobre a realidade das condicións hídricas na entorna da Mina de Penouta, identificando a natureza dos metais pesados presentes e os seus niveis nos leitos fluviais que poden ter un impacto directo sobre determinadas poboacións da comarca de Viana. TERCEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a que demande da Xunta de Galicia a elaboración dun estudo en profundidade sobre a realidade e potencialidades do sector mineiro na provincia, que inclúa o estado de cousas actual das concesións e dereitos mineiros con vistas á actualización e reordenación do sector, pero tamén para gozar dunha meirande transparencia e facer a información accesible á poboación. CUARTA.- Á luz do seu potencial que, ben xestionado, está chamado a incidir de xeito directo no desenvolvemento e benestar da provincia, instar á Deputación de Ourense para implementar un grupo de traballo dirixido valorar o potencial da economía dos minerais raros, que comprenda a todas as partes interesadas, incluíndo á Xunta, concellos afectados, grupos políticos con representación na corporación provincial, universidade, empresa e expertos; con vistas a aproveitar, de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente, as oportunidades ofrecidas pola economía dos minerais raros”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o acordado durante o debate do asunto e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a situarse a carón dos traballadores da Mina de Penouta nestes delicados intres, facilitándolles asesoramento e atención, e avaliando

diferentes pistas de axuda ao seu encontro, que poidan ser susceptibles de paliar a difícil situación que están a atravesar a consecuencia da confirmación xudicial da paralización da actividade da explotación.

SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a que esixa de Augas de Galicia e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil a realización de exhaustivas análises sobre a realidade das condicións hídricas na entorna da Mina de Penouta, identificando a natureza dos metais pesados presentes e os seus niveis nos leitos fluviais que poden ter un impacto directo sobre determinadas poboacións da comarca de Viana.

TERCEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a que demande da Xunta de Galicia a elaboración dun estudo en profundidade sobre a realidade e potencialidades do sector mineiro na provincia, que inclúa o estado de cousas actual das concesións e dereitos mineiros con vistas á actualización e reordenación do sector, pero tamén para gozar dunha meirande transparencia e facer a información accesible á poboación.

CUARTA.- Á luz do seu potencial que, ben xestionado, está chamado a incidir de xeito directo no desenvolvemento e benestar da provincia, instar á Deputación de Ourense para implementar un grupo de traballo dirixido valorar o potencial da economía dos minerais raros, que comprenda a todas as partes interesadas, incluíndo á Xunta, concellos afectados, grupos políticos con representación na corporación provincial, universidade, empresa e expertos; con vistas a aproveitar, de xeito sustentable e respectuoso co medio ambiente, as oportunidades ofrecidas pola economía dos minerais raros.

17º.- MOCIÓN DO BNG PARA A CONSTRUCCIÓN DUN INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA EN BARBADÁS

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“O Concello de Barbadás é un dos concellos de Galiza que maior incremento poboacional tivo ao longo dos últimos 20 anos. O concello contaba a 1 de xaneiro de 2022 con 11.201 persoas censadas. A esta cantidade habería que engadirlle unha bolsa de persoas que por motivos de arraigo cos seu concello de orixe non están censadas en Barbadás. Conta (censo de 2022) con 401 nenos e nenas de 0 a 4 anos; 533 de 5 a 9 anos; 619 entre 10 e 14 anos; e 596 de 15 a 29 anos. É dicir: no entorno de 700 rapazas e rapaces en idade de escolarización en secundaria e bacharelato. É Barbadás o único concello de máis de 10.000 habitantes en

toda Galiza que non conta cun IES (Instituto de Educación Secundaria). Concellos de rango similar teñen 1 e mesmo 2 IES. E tamén moitos concellos con menos da metade de habitantes que Barbadás. Certo é que concellos como Bande, Viana, Maceda é de boa lóxica que conten con IES para dar cobertura á súa área xeográfica (e seguramente moitos destes centros estean infradotados). Pero tamén é certo que en determinadas áreas periurbanas das provincias da Coruña e Pontevedra, concellos de menos de 10.000 habitantes contan tamén con IES (cousa que non parece lóxica). No mes de outubro de 2009 o entón conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, acompañado polo entón alcalde, José Manuel Freire Couto, e boa parte do grupo de goberno, fixo unha visita ao concello no transcurso da cal manifestou que o comezo das obras tería lugar ese mesmo ano, chegando a indicar que a primeira pedra sería posta no primeiro semestre dese ano e mesmo que o centro comezaría a funcionar o seguinte curso. No ano 2010 o mesmo conselleiro, Jesús Vázquez, anunciaba que Barbadás contaría nun futuro próximo cun novo instituto para secundaria e bacharelato. A pesar de todos estes anuncios, o PP non executou ningunha actuación encamiñada á construción do instituto en Barbadás. Unicamente nos anos da VII lexislatura do Parlamento de Galiza, contemplouse nos seus orzamentos unha partida dedicada á realización do proxecto de construción do centro de ensino secundario en Barbadás. Desde hai 25 anos o BNG leva demandado, tanto no Concello de Barbadás como a través de diversas iniciativas no Parlamento de Galiza, a construción dun instituto no concello. O argumento esgrimido pola Xunta de Galiza, inicialmente, sempre foi que o centro de referencia era o Ferro Couselo e que mentres houbese prazas libres non tiña sentido facer un novo en Barbadás. Xa no ano 2022, nunha visita que o conselleiro de Educación (don Román Rodríguez) cursaba ás obras de ampliación do instituto Ferro Couselo, cun investimento próximo aos 3 millóns de euros. Nesta data o Sr. conselleiro dicía que era o concello de Barbadás o concello de toda Galiza que maior medre de nenas e nenos tiña, e isto serve de xustificación para acometer a ampliación do Ferro Couselo. Curiosamente, nesas mesmas datas a Consellería de Educación responsabilizaba ao concello de Barbadás de non poñer a disposición dela os terreos precisos para a súa construción. Resulta evidente que a situación urbanística da parcela inicialmente proxectada para a construción do IES é, a día de hoxe, un dos principais atrancos para a construción da infraestrutura. Estamos diante dun área de reparto sen desenvolver e para a posta a disposición da Xunta de Galiza debería urbanizarse a zona

e dotar á parcela reservada para o IES dos equipamentos básicos que demanda á Xunta de Galiza, é dicir, conexións á rede de saneamento, abastecemento e subministración eléctrica. Pero a Xunta de Galiza conta con instrumentos normativos para a construción destas infraestruturas básicas, tal e como establece a Lei 1/2021 no seu artigo 40. E que é utilizado pola Xunta de Galiza para a posta en marcha de infraestruturas que están fóra de planeamento urbanístico (como é o caso de Ourense). A prestación de servizos básicos é unha obriga das administracións públicas, como o é que eses servizos sexan de calidade e acordes ás necesidades da veciñanza. O feito de non contar cun instituto de educación secundaria dentro do propio municipio supón unha eiva que lastra e dificulta o asentamento de poboación a medio e longo prazo, e que pode mesmo chegar a xerar desarraigo na propia mocidade, que ve como diariamente se ten que desprazar a un concello limítrofe, ao tempo que supón un custo engadido, tanto para as familias como para as arcas do propio concello, xa que actualmente este asume o custo do transporte ao IES Ferro Couselo, na cidade de Ourense e instituto de referencia para a mocidade barbadesa. A Xunta de Galiza mantén unha actitude absolutamente pasiva ante a imperiosa necesidade desta infraestrutura. A Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 36 que é competencia propia da Deputación Provincial a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas. Por todo o anterior, o Grupo Provincial do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1.- Esixir da Xunta de Galiza que nos orzamentos do ano 2025 figuren as partidas acaídas para a acometer a realización do proxecto de construción do instituto de Barbadás. 2.- Tendo en conta que a maior parte do alumnado do IES Ferro Couselo reside no Concello de Barbadás, que a Xunta de Galiza programe novos usos públicos (de ser o caso) para este centro educativo”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Esixir da Xunta de Galiza que nos orzamentos do ano 2025 figuren as partidas acaídas para a acometer a realización do proxecto de construción do instituto de Barbadás.

2.- Tendo en conta que a maior parte do alumnado do IES Ferro Couselo reside no Concello de Barbadás, que a Xunta de Galiza programe novos usos públicos (de ser o caso) para este centro educativo.

18º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

19º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de maio de 2024.

- Dáse conta das modificacións realizadas no Plan CooperoOU a instancias dos concellos.

- Dación de conta do Plan Anual de Control Financeiro 2024.

Os membros da Corporación quedan informados.

20º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 20º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 20º](#)

E, ás 14.50 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión

dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/Yyy9vcw75W1oj4akw2nTXMbuqANjngvNQpM9a9wkZP6Z1kFh.wmv>

SHA512

b0704a69a715ea531d323838c73503f4aa8b6d035f4e8e3dfd3dc35f0676d8376ee406f
dc75f5eda4d10913c588f0c730fdda16b06ce2759722aa6fc2ba11785